

XORNADA

Ciberacoso: violencia de xénero e mocidade

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 10 de outubro de 2017



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O que fai da violencia un fenómeno de inxustiza social e non só unha acción individual moralmente mala é o seu carácter sistemático, a súa existencia en canto práctica social.
(Iris Marion Young)

O pensamento feminista en xeral e os feminismos organizados en concreto contribuíron decisivamente a que a violencia contra as mulleres saíra do peor dos lugares, o da inexistencia produto do silenciamento. Rachar o silencio implica coñecer, deixar de mirar para outro lado, e permite abrir vías para afondar nas lóxicas sociais e culturais que estruturan a dita violencia. Atender as súas constantes, variacións e reactualizacións para poder intervir ata conseguir erradicala é un obxectivo necesario. Para iso, o esforzo por dotármonos de conceptos, termos e espazos de re. exión que permitan pensar, comprender e atender esta realidade en toda a súa complexidade foi e segue a ser fundamental.

As mozas sofren a violencia en diferentes contornas, na familiar, na escolar e tamén nas primeiras relacións afectivas. A reprodución de estereotipos sexistas, a comprensión do amor como dominación e control ou a “normalización” da cultura da violación fan necesario desenvolver ferramentas educativas e lexislativas que permitan previr e tratar todas as novas formas de violencia. As redes sociais e o ciberespazo poden devir en espazos de liberdade e transformacións e, tamén, en novas trampas para reproducir os modelos de submisión e violencia contra as mulleres.

Atendendo a isto, desde a Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega consideramos importante contribuír ao debate social, e articulamos unha xornada que, desde unha óptica multidisciplinar, antropolóxica, educativa, xurídica, policial, entre outras, permita afondar na relación violencia e mocidade nas contornas vinculadas coas novas tecnoloxías. Propoñemos unha achega ás novas formas de violencia que, acotío e a través do ciberespazo, se traducen en formas de control e dominación sobre as mozas.

PROGRAMA

Sesión da mañá

10:00 horas

Presentación

Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega

María Xosé Porteiro García, coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG

10:30 horas

NOVAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Rita Laura Segato, profesora de Antropoloxía e Bioética na Cátedra UNESCO da Universidade de Brasilia
Presenta: Carme Adan Villamarín

11:30 horas

Pausa

12:00 horas

VIOLENCIA DE XÉNERO NA MOCIDADE

Presenta e modera: Xosé Manuel Pereiro, membro da Sección de Lingua, Literatura e Comunicación (CCG)

Paz Filgueira Paz, xuíza experta en violencia de xénero

Ana Torres Jack, psicóloga e orientadora educativa. Autora de *Máis aló do azul e do rosa. Como previr a desigualdade de xénero e a violencia machista desde a familia*

Sesión da tarde

16:30 horas

CIBERACOSO

Presenta e modera: Ramón Máiz, coordinador da Sección de Pensamento e Sociedade do CCG

Sonia Rama, inspectora da Policía Nacional e investigadora da USC
Antonio Rial Boubeta, investigador

18:30 horas

MULLERES CON VOZ

Presenta e modera: Carmen Cajide Hervés, membro da Comisión de Igualdade do CCG

Espazo de relatos de vida. Mulleres que, en primeira persoa, despois de vivir o silencio da violencia, comparten a palabra como forma de intervención e transformación.

19:30 horas

Conclusións

Carme Adán Villamarín e Nieves Santomé Couto, coordinadoras da xornada

ORGANIZA

Comisión de Igualdade (CCG)

COORDINA

Carme Adán Villamarín

Nieves Santomé Couto

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705. Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

